

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO  
CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 23 DE DECEMBRO DO 2015.**

**ASISTENTES:**

|  |  |
|--|--|
| <p><b>Presidente:</b></p> <p>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p><b>Membros que asisten:</b></p> <p>D<sup>a</sup> Fabiola García Martínez<br/>D. Manuel Emilio Pérez Outeiral<br/>D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos<br/>D<sup>a</sup> María Esther Patiño Rey<br/>D. Víctor Reiriz Lampón</p> | <p><b>Interventor:</b></p> <p>D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11)</p> <p><b>Secretario Xeral</b></p> <p>D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p><b>Membros que non asisten:</b></p> <p>D<sup>a</sup> María Herminia Pouso Maneiro<br/>D<sup>a</sup> Aroa Fernández Cadórniga</p> |
|--|--|

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as dez horas e dez minutos do día vinte e tres de decembro do dous mil quince, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.**

Non se presenta ningunha para a súa aprobación

**II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.**

**A) FACTURAS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 22/12/2015, do que resulta un total líquido acumulado de 164.108,72 €, e que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido.



### B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

|   |  |            |   |
|---|--|------------|---|
| Nº Proposta                                       | 1  | Data       | 22/12/2015  |
| SERVIZO/CONCELLERÍA                               | Director Conservatorio Municipal<br>Álvaro López González  |            |   |
| DESCRICIÓN DO GASTO                               | Subministración de 2000 litros de gasóleo para o funcionamento da calefacción do Conservatorio Municipal |            |   |
| Nº orzamentos aportados                           | 3  | Provedores | - LOS ÁNGELES GAS, S.L.<br>- COMBUSTIBLES PUEBLA, S.L.<br>- GASÓLEOS BARBANZA, S.L. |
| Informe:  |  |            |   |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. |  |            |   |
| Denominación:                                     | LOS ÁNGELES GAS, S.L.  |            |   |
| NIF/CIF:  | B15578289  |            |   |
| Importe (IVE incluído):                           | 960,00 €   |            |   |
| Observacións                                      | Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2016  |            |   |


|   |  |            |   |
|---|--|------------|---|
| Nº Proposta                                       | 2  | Data       | 21/12/2015                                  |
| SERVIZO/CONCELLERÍA                               | Departamento de Prensa<br>Abdón Dorca Santos   |            |   |
| DESCRICIÓN DO GASTO                               | Gravación e emisión do saúdo do Alcalde para felicitar as Festas do Nadal a todos os veciños a través do Canal Rías Baixas |            |   |
| Nº orzamentos aportados                           | 1  | Provedores | TELEVISIÓN DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS, S.L. |
| Informe:  |  |            |   |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. |  |            |   |
| Denominación:                                     | TELEVISIÓN DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS, S.L.  |            |   |
| NIF/CIF:  | B36223600  |            |   |
| Importe (IVE incluído):                           | 1.427,80 €   |            |   |
| Observacións                                      | Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2016  |            |   |

### III.- CONTRATACIÓN.

Adxudicación do contrato para o "SERVIZO DE CONSERVACIÓN, REPARACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS, DE CALEFACCIÓN E AUGA QUENTE SANITARIA (ACS) DE TÓDOLOS CENTROS DE EDUCACIÓN DE INFANTIL E PRIMARIA DE TITULARIDADE PÚBLICA RADICADOS NO TERMO MUNICIPAL DE RIVEIRA, ASÍ COMO DO AUDITORIO E DO CAMPO DE FÚTBOL DE OLEIROS, AMBOS DE PROPIEDAD MUNICIPAL"

Visto o expediente que se tramita para contratar o "Servizo de conservación,





reparación e mantemento das instalacións térmicas, de calefacción e auga quente sanitaria (ACS) de tódolos Centros de Educación de Infantil e Primaria de titularidade pública radicados no termo municipal de Riveira, así como do Auditorio e do campo de fútbol de Oleiros, ambos de propiedade municipal”, cun orzamento total ANUAL por contrata de 12.350,00 euros (valor estimado ANUAL do contrato: 10.206,61 euros; IVE 21%: 2.143,39 euros), cun prazo de duración de 2 anos, que se poderá prorrogar con carácter anual e ata un máximo de 2 prórrogas.

O Prego de condicións técnicas redactado pola enxeñeira industrial Carolina Muñoz Belmonte na data outubro/2015, o Prego de cláusulas administrativas particulares, o expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, e o correspondente gasto, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 15/10/2015.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 206, da data 28/10/2015, e no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), da mesma data 28/10/2015.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito ó Rexistro Xeral, Manuel Antonio Pino Rengel, na data 13/11/2015 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:


1. “Veolia Servicios Norte, S.A.U.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 11/11/2015 co número 11.649.
2. “Rey Laranga, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 11/11/2015 co número 11.668.
3. “Claudio Toubes, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 12/11/2015 co número 11.731.
4. “Obras y Servicios Lijó, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 12/11/2015 co número 11.732.

A apertura dos sobres “A” (de documentación administrativa) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 16/11/2015, na que se acordou declarar admitidas a esta licitación ás catro empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.

O acto público da apertura dos sobres “B” de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas, realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 19/11/2015, dando o seguinte resultado:

Orzamento xeral (ata un máximo de 80 puntos)

| Licitador                      | Valor estimado anual | IVE 21%    | Prezo total anual | Puntuación |
|--------------------------------|----------------------|------------|-------------------|------------|
| Veolia Servicios Norte, S.A.U. | 8.136,00 €           | 1.708,56 € | 9.844,56 €        | 80,00      |
| Rey Laranga, S.L.              | 9.185,94 €           | 1.929,05 € | 11.114,99 €       | 39,43      |



|                              |            |            |             |       |
|------------------------------|------------|------------|-------------|-------|
| Claudio Toubes, S.L.         | 9.492,14 € | 1.993,35 € | 11.485,49 € | 27,60 |
| Obras y Servicios Lijó, S.L. | 8.356,08 € | 1.754,78 € | 10.110,86 € | 71,50 |

Tarifa de man de obra en reparacións (ata un máximo de 20 puntos)

| Licitador                      | Factor K | Puntuación |
|--------------------------------|----------|------------|
| Veolia Servicios Norte, S.A.U. | 0,96     | 6,67       |
| Rey Laranga, S.L.              | 0,92     | 13,33      |
| Claudio Toubes, S.L.           | 1,13     | ---        |
| Obras y Servicios Lijó, S.L.   | 0,88     | 20,00      |

Vista a cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato e a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa xa mencionada reunión da data 19/11/2015 a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 26/11/2015, adoptou os seguintes acordos:

- Declarar excluída da licitación a empresa "Claudio Toubes, S.L." por canto ofrece uns prezos para a man de obra superiores ós establecidos no Prego de cláusulas administrativas como prezos de licitación.

- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación do "Servizo de conservación, reparación e mantemento das instalacións térmicas, de calefacción e auga quente sanitaria (ACS) de tódolos Centros de Educación de Infantil e Primaria de titularidade pública radicados no termo municipal de Riveira, así como do Auditorio e do campo de fútbol de Oleiros, ambos de propiedade municipal", do seguinte xeito:

| Nº | LICITADOR                      | Puntuacións Orzamento xeral | Puntuacións Tarefa man de obra en reparacións | PUNTUACIÓN TOTAL FINAL |
|----|--------------------------------|-----------------------------|---|------------------------|
| 1º | Obras y Servicios Lijó, S.L.   | 71,50                       | 20,00   | 91,50                  |
| 2º | Veolia Servicios Norte, S.A.U. | 80,00                       | 6,67  | 86,67                  |
| 3º | Rey Laranga, S.L.              | 39,43                       | 13,33   | 52,76                  |

- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a "Obras y Servicios Lijó, S.L.", que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 15.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será





*o de finalización do prazo de presentación de proposicións.*

*De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.*

*Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.*

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 27/11/2015.

Dentro do prazo concedido a empresa "Obras y Servicios Lijó, S.L." presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 10/12/2015 co número 12.674), entre a que se inclúe, no que respecta á garantía definitiva, a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 10/12/2015, xustificativa de constitución de fianza en metálico para responder do contrato por importe de 835,60 euros.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión celebrada na data 22/12/2015.


Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.


**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.**- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

**SEGUNDO.**- Declarar excluída da licitación a empresa "Claudio Toubes, S.L." por canto ofrece uns prezos para a man de obra superiores ós establecidos no Prego de cláusulas administrativas como prezos de licitación.

**TERCEIRO.**- De conformidade co establecido na cláusula 15.3 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 26/11/2015, **adxudica-lo contrato do "Servizo de conservación, reparación e mantemento das instalacións térmicas, de calefacción e auga quente sanitaria (ACS) de tódolos Centros de Educación de Infantil e Primaria de titularidade pública radicados no termo municipal de Riveira, así como do Auditorio e do campo de fútbol de Oleiros, ambos de propiedade municipal", á empresa "Obras y Servicios Lijó, S.L." (NIF número B15970692), nas seguintes condicións contractuais:**





a) Prezo total anual para a prestación do servizo básico do contrato: 10.110,86 euros (Base: 8.356,08 euros; IVE 21%: 1.754,78 euros).

b) Tarifas en man de obra en reparacións (IVE excluído):

Enxeñeiro ou enxeñeiro técnico: 24,25 euros/hora.

Oficial de 1ª especialista: 16,67 euros/hora.

Oficial de 2ª especialista: 15,81 euros/hora.

Axudante especialista: 12,53 euros/hora.

c) Prazo de duración do contrato: 2 anos, que se poderá prorrogar con carácter anual e ata un máximo de 2 prórrogas.

**CUARTO.-** De conformidade co establecido na cláusula 16 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formaliza-lo correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

**QUINTO.-** Designar como responsable do contrato á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

**SEXTO.-** De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

#### IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.


Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

#### V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





## VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

## VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **María Cruz Rivadulla Márquez**, de data 27/11/2015 (Rexistrado de entrada co nº 12.226), no que solicita información urbanística de finca con edificación sita en lugar de Balteiro (polígono 29, parcela 409), Lixó.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 22/12/2015, por unanimidade dos presentes, acorda informar á solicitante como segue:

Ref. Catastral: 15074 A 029004090000KT

Categoría solo: RÚSTICO PROTECCIÓN ORDINARIA

### LEGISLACIÓN APLICADA

- -Ley 9/2002 de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia modificada (LOUGA).
- Plan General de Ordenación municipal (PXOM), aprobado definitivamente según acuerdo plenario de la Corporación de 17/12/02


Le corresponde el régimen de aplicación siguiente:

#### 1. Actividades y usos no constructivos:

- a) Acciones sobre el suelo o subsuelo que impliquen movimientos de tierra, tales como dragados, defensa de ríos y rectificación de cauces, abancalamientos, desmontes, rellenos y otras análogas.
- b) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada de un día y actividades comerciales ambulantes.
- c) Actividades científicas, escolares y divulgativas.
- d) Depósito de materiales, almacenamiento y parques de maquinaria y estacionamiento o exposición de vehículos al aire libre.

#### 2. Actividades y usos constructivos:

- a) Construcciones e instalaciones agrícolas en general tales como las destinadas al apoyo de las explotaciones hortícolas, almacenes agrícolas, talleres, garajes, parques de maquinaria agrícola, viveros e invernaderos, u otras análogas.
- b) Construcciones e instalaciones destinadas al apoyo de la ganadería extensiva e intensiva, granjas, corrales domésticos y establecimientos en los que se alojen, mantengan o críen animales, e instalaciones vícolas.
- c) Construcciones e instalaciones forestales destinadas a la gestión forestal y las de apoyo a la explotación forestal, así como las de defensa forestal, talleres, garajes y parques de maquinaria forestal.





- d) Instalaciones vinculadas funcionalmente a las carreteras y previstas en la ordenación sectorial de éstas, así como, en todo caso, las de suministro de carburante.
- e) Construcciones y rehabilitaciones destinadas al turismo en el medio rural y que sean potenciadoras del medio donde se ubiquen.
- f) Instalaciones necesarias para los servicios técnicos de telecomunicaciones, la infraestructura hidráulica y las redes de transporte, distribución y evacuación de energía eléctrica, gas, abastecimiento de agua y saneamiento, siempre que no impliquen la urbanización o transformación urbanística de los terrenos por los que discurren.
- g) Construcciones e instalaciones para equipamientos y dotaciones que hayan de emplazarse necesariamente en el medio rural, como son: los cementerios, las escuelas agrarias, los centros de investigación y educación ambiental y los campamentos de turismo y pirotecnias.
- Además, mediante la aprobación de un plan especial de dotaciones regulado por el artículo 71º de la presente ley, podrán permitirse equipamientos, públicos o privados.
- h) Construcciones destinadas a usos residenciales vinculados a la explotación agrícola o ganadera.
- i) Muros de contención, así como cierres o vallado de fincas.
- j) Instalaciones de playa y actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo y de baño, que se desarrollen al aire libre, con las obras e instalaciones imprescindibles para el uso de que se trate.
- k) Construcciones destinadas a las actividades extractivas, incluidas las explotaciones mineras, las canteras y la extracción de áridos y tierras, así como sus establecimientos de beneficio y actividades complementarias de primera transformación, almacenamiento y envasado de productos del sector primario, siempre que guarden relación directa con la naturaleza, extensión y destino de la finca o explotación del recurso natural.
- l) Construcciones e instalaciones destinadas a establecimientos de acuicultura.
- m) Infraestructuras de abastecimiento, tratamiento, saneamiento y depuración de aguas, de gestión y tratamiento de residuos, e instalaciones de generación o infraestructuras de producción de energía.
3. Otras actividades análogas que se determinen reglamentariamente y coordinadas entre la legislación sectorial y la presente ley.

**Se establece un retranqueo de 4 metros al eje.**

#### **IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### **X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación







**XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XII.- VAOS PERMANENTES.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**


Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito remitido polo **Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 1 de Santiago de Compostela**, de data 16/12/2015 (Rexistrado de entrada en data 18/12/2015 co nº 12.953), no que achega resolución firme, de data 30/11/2015, pola que se declara a terminación do recurso (Procedemento abreviado 0000494/2014) por desistimento.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 23 de decembro de 2015

O Alcalde

Dou fe, o secretario xeral



**Manuel Ruiz Rivas**



**Juan Manuel Salguero del Valle**

